

ACTA núm. 1/2018

REUNIÓN DE CONSTITUCIÓN DO CONSELLO COORDINADOR DA AGRUPACIÓN EUROPEA DE  
COOPERACIÓN TERRITORIAL DO RÍO MIÑO–AECT RÍO MIÑO

O día 23 de marzo do ano 2018, ás 16:30 horas (hora local), nas instalacións da CIM Alto Minho en Valença, situadas na avenida Miguel Dantas, núm. 69, como membros nomeados pola Comunidade Intermunicipal do Alto Minho (CIM Alto Minho) e pola Deputación Provincial de Pontevedra (Depo) para o Consello Coordinador da AECT Río Miño, de acordo cos artigos 14 e 15 dos Estatutos da AECT Río Miño, publicados o 8 de marzo na 2.ª serie do *Diário da República*, e conforme as resolucións presidenciais da Deputación de Pontevedra de 21 de febreiro e de 22 de marzo de 2018, e a decisión do Consello Intermunicipal da CIM Alto Minho do 6 de marzo de 2018, documentos que se engaden como anexos a esta acta, decidiron por unanimidade comparecer, para constituír o Consello Coordinador da AECT Río Miño, Uxío Benítez Fernández, deputado de Cooperación Transfronteiriza da Deputación de Pontevedra; João Fernando Brito Nogueira, presidente da Cámara Municipal de Vila Nova de Cerveira; Montserrat Magallanes Álvarez, deputada provincial de Pontevedra, e João Manuel do Amaral Esteves, presidente da Cámara Municipal de Arcos de Valdevez.

Acordouse, por unanimidade, a seguinte orde do día:

**1. Constitución do Consello Coordinador**

Unha vez realizados os nomeamentos por parte da Deputación Provincial de Pontevedra e da CIM Alto Minho, o Consello Coordinador quedou coa seguinte composición:

- Director: Uxío Benítez Fernández, deputado de Cooperación Transfronteiriza da Deputación de Pontevedra, nomeado pola Resolución presidencial da Deputación de Pontevedra do 21 de febreiro de 2018, de acordo co artigo 14 dos Estatutos da AECT Río Miño, que, preside o Consello Coordinador, de acordo co núm. 1 do artigo 15
- Vicedirector: João Fernando Brito Nogueira, presidente da Cámara Municipal de Vila Nova de Cerveira, nomeado pola Decisión do Consello Intermunicipal da CIM Alto Miño do 6 de marzo de 2018, de acordo co artigo 15 dos Estatutos da AECT Río Miño
- Vogal: Montserrat Magallanes Álvarez, deputada provincial de Pontevedra, nomeada pola Resolución presidencial da Deputación de Pontevedra do 22 de marzo de 2018, de acordo co artigo 15 dos Estatutos da AECT Río Miño

- Vogal: João Manuel do Amaral Esteves, presidente da Câmara Municipal de Arcos de Valdevez, nomeado pola Decisión do Consello Intermunicipal da CIM Alto Miño do 6 de marzo de 2018, de acordo co artigo 15 dos Estatutos da AECT Río Miño

O exercicio destas funcións non será remunerado.

En relación ao funcionamento do Consello Coordinador e á definición de procedementos administrativos para o inicio da actividade da AECT Río Miño, adoptáronse tamén por unanimidade as seguintes decisións:

- As reunións, con periodicidade bimestral, serán convocadas por correo electrónico polo director cun prazo mínimo de 48 horas
- As decisións do Consello Coordinador inscribíranse nun libro de actas en portugués e galego e serán asinadas polo director e o vicedirector, coa excepción desta acta de constitución que será asinada por todos os membros presentes
- As decisións poderán aprobarse en minuta asinada polo director e o vicedirector
- Apertura da conta bancaria no Banco Millennium BCP en Valençã, que para os seus movementos deberá contar coa sinatura do director e o vicedirector
- Aprobación da proposta das bases do logotipo institucional da AECT Río Miño, anexada a esta acta
- Promover antes do fin do mes de abril a constitución da Asemblea Xeral e a elaboración e aprobación dos documentos de previsións para o 2018 e os regulamentos necesarios para o funcionamento da AECT Río Miño

## **2. Aprobación de candidaturas para presentar á 2.ª convocatoria do programa Interreg V-A**

Sobre este asunto adoptáronse, por unanimidade, as seguintes decisións:

- Presentación á 2.ª convocatoria do programa Interreg V-A da candidatura denominada Visit\_Rio\_Minho\_Plus –ID 1613– co obxectivo global de continuar coa capitalización da marca Río Miño e de cualificar e monitorizar unha rede de vías verdes transfronteirizas, nas que a AECT Río Miño asume a función de beneficiaria principal e ten un investimento global de 448.235,62 euros ata o 31 de decembro de 2021
- Presentación á 2.ª convocatoria do programa Interreg V-A da candidatura denominada Red\_LaB\_Minho –ID 1985– co obxectivo de apoiar as dinámicas bilaterais de cooperación transfronteiriza do territorio da AECT Río Miño, que terá como única beneficiaria a AECT Río Miño, cun investimento global que validará o vicedirector no momento da sinatura da Carta de Compromiso

- Que, por impedimento do director, as sinaturas de presentación destas candidaturas na plataforma Coopera 2020 e da Carta de Compromiso da candidatura Red\_LaB\_Minho –ID 1985– sexan realizadas polo vicedirector, conforme o núm. 4 do artigo 14 dos Estatutos da AECT Río Miño

Sen máis asuntos que tratar, a reunión finalizou ás 17:30 horas.

Para que así conste elaborouse esta acta de constitución, que asinaron todos os membros presentes.

Valença, 23 de marzo de 2018


O director



---

Uxío Benítez Fernández

O vicedirector



---

João Fernando Brito Nogueira

A vogal



---

Montserrat Magallanes Álvarez

O vogal



---

João Manuel do Amaral Esteves